

Au dessus de la Mêlée

VICENTE ARAGUAS



FISTERRAS

XAVIER FRÍAS CONDE
E RAFAEL YÁÑEZ

Ed. Lastura. Ocaña, 2015
10 euros

Editado por unha pequena pero bravísima editora, artífice de auténtica “delicatesen”, aparece un libro singular do que fago reseña alegre e confiada, faríaa igualmente, a reseña, digo, de estar dentro do libro como se me ofreceu nun principio. Declinei a oferta por razóns que se cadra explico outro día (hoxe non toca) o que me permite para esta recensión os adxectivos como de comedia de Jacinto Benavente, un nachíño curioso, e todo un Premio Nobel, ademais, tan, tan esquecido. Ou sexa, sen presenza escénica, o que ven sendo o mesmo. *Fisterras* (Lastura, Ocaña, 2015), non obstante, atopou estarivel axiña. E iso polos bos mesteres de Xavier Frías, un home todoterreo, non tan incomprendido como el coida.

Frías está tamén neste libro (catorce son os poetas que o compoñen, en galego, portugués ou reintegrado) con esa poesía que opera baixo mínimos, minimalista, si, mais de fondura igualmente. Mais para explicar de que vai o libro temos a Rafa Yáñez, poeta vilalbés tamén presente nesta auotescolma, quen con pluma lixeira vai deseñando as liñas cartográficas dos poetas presentes. Entre dos portugueses

“Frías está tamén neste libro (catorce son os poetas que o compoñen, en galego, portugués ou reintegrado)... Mais para explicar de que vai o libro temos a Rafa Yáñez, poeta vilalbés tamén presente...”

hai un que me segue a chamar a atención sobremaneira, João Ras-teiro, de quen xa tivera noticias anteriores, e que agora desempeña en prosa a súa poética, áspera, mineral ás veces, con ese aquel surrealista “ma non troppo”, nada automático xa que logo, que a mín tanto me presta.

Dos galegos, ademais dos citados, debo falar de Manuel Pereira Valcárcel, autor de poemas aparentemente sinxelos mais dotados dunha carga de profundidade para asolar mares (interiores ou non). E teño

que facelo tamén de Luz Pichel, un das nosas voces máis sabias e sabidas do momento. Dona dunha poesía precisa, no senso duplo do termo, aberta e pechada á vez (como aquela casa de que se reclamaba dona e señora). Gústame tamén, e moito, Verónica Martínez Delgado, a nosa primeira poeta erótica do momento (e ollo, que en Galicia hai unha chea delas merecentes da distinción).

Nesta liña está tamén, pero doutra maneira, Yolanda López, tan exacta e rigorosa como a chuvia cando cae mar, a facer un son de pleonismo. E gusto tamén de Ana Cibeira, nunha liña dura e potente, en verso tan libérrimo como a muda de estacións (ou de agullas). E está tamén no libro Pili Mera, doadamente lexible, mais posuidora tamén dun aquel contradictorio que me enche.

E están Begoña Regueiro e Montserrat Villar e Victoria Veiguela e Rita Capucho e Marília Miranda Lopes a encher un libro (catro poemas cada poeta) que emana auga dura e limpa. Como eses globos da capa, a deseñar un ceo novo aínda que cuberto de nubes. Que son mar e terra. Un traballo moi bo este, estéticamente resolvido por Lidia López Miguel como adoita.